

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Oroso	Oroso	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos do 3^a curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática. Así pois, dita materia ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación ética no alumando permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, o traballo por retos ou debates sobre certos temas de candentes na actualidade (por exemplo a lei de só si é si). No seu conxunto axudará ao alumnado na adquisición de habilidades sociais enfocadas á comunicación e á expresión, así como a formación dun cidadán activo e sugestivo que aporte por medio da súa palabra reflexiva á sociedade. De igual maneira, favorecerán competencias de formación autónoma no alumnado.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, ascendendo a un total de 35 sesións, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa. Por iso mesmo se tentará alternar da maneira máis satisfactoria a práctica de tarefas escritas, xunto coa conversa por medio de coloquios na aula e a exposición de certos temas sobre os que os alumnos deberán facer unha previa pescuda de información e reflexión.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	1-2-3-4	3	1-2	1	1-4	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	4-5	1-3		3	3	1-2-3-4	3	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.	1-2-3-5	1	5		2	1-2-3-4	1-3	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1-5			4	1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu son unha persoa. A educación emocional	Adentrámonos en aquilo que nos caracteriza como persoas: as emocións, a empatía e a capacidade de fraternidade. "Quen son eu", "que me merezo e que merecen os demais", "como debo relacionarme" ou "que significa amar" son algunhas das respostas que se facilitarán nesta unidade.	17	6	X		
2	A ética, un recurso para decidir e razoar	Adentrámonos na importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións. Como lidiar cos remordementos, ou que plan trazar para alcanzar a felicidade, son cuestións base no razoamento ético.	17	6	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Análise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática. Entender como o ser humano é un animal social e gregario, que depende da cooperación activa para subsistir pacífica e felizmente.	16	6		X	
4	Respéctome a min, respecto aos demais. Os dereitos humanos	Estudaremos os antecedentes dos dereitos humanos ata chegar á Declaración Universal de 1948. Tamén reflexionarase sobre a súa necesidade social e a súa vinculación coa dignidade humana.	17	6		X	
5	Xustiza social nun mundo global	Igual que existe unha ética entre	17	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Xustiza social nun mundo global	individuos, a nivel supranacional, tamén existe unha ética entre nacións. Un feito de actualidade nun mundo globalizado como no que vivimos nós e os nosos alumnos. Estudaremos as desigualdades sociais entre países, o concepto de xustiza internacional e a busca da paz e a fraternidade global xunto coas dificultades que contrae.	17	6			X
6	Non hai un planeta B. A perspectiva ecosocial.	O alumno será educado dende unha perspectiva sustentable, fundamental nun tempo de tensións internacionais polos recursos planetarios. O alumno comprenderá como o planeta, na súa integridade, é o seu fogar. Estudaranse teoría de sostenibilidade ambiental, así como as consecuencias sociais que estas terían no noso modelo de vida.	16	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu son unha persoa. A educación emocional	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar tanto por vía oral como escrita que cualidades morais, emocionais e cognitivas que nos que nos caracterizan como seres humanos. Aprender como poder chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral e escrito que entende e sabe desempeñar cualidades propias da intelixencia emocional. Identificar como son as nosas emocións, afectos, desexos cara nós mesmas e mostrar unha certa capacidade de empatía e entendemento desta cara os demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	A ética, un recurso para decidir e razoar	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase ou de razoalo nunha redacción.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións no gran grupo de clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente. Distingue e expón as principais emocións e sentimentos, así como a súa utilidade afondando na intelixencia emocional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións.

Contidos

- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Desenvolve coñecementos axeitados á hora de reflexionar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade. Comprende os mecanismos de funcionamento da democracia, así como as súas imperfeccións.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa no traballo en grupo, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artella unha exposición oral no que amosa coñecementos básico arredor das cuestións ética de actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
4	Respéctome a min, respecto aos demais. Os dereitos humanos	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición.	TI	100
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Tomar consciencia da loita pola igualdade de xénero.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece e expón de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente os organismos, institucións así como activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.

Contidos

- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	Xustiza social nun mundo global	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende, nomea e razoa as causas e consecuencias máis graves dos problemas ecosociais. De igual maneira é capaz de poñer exemplos.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións dos compañeiros e compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
6	Non hai un planeta B. A perspectiva ecosocial.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Coñece as diferentes formulacións científicas, políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	TI	100
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Expor unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no noso planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Cada unidade comezará coa análise dun material introdutorio sobre o tema xeral a tratar. Sobre ese material os alumnos amosarán os seus coñecementos e ideas previas sobre o contido da unidade correspondente. O obxectivo desta fase introdutoria é activar e motivar ao alumnado con respecto aos contidos fixados. De igual maneira, estas unidades terminarán cun resumo ou síntese final que enlazará coa seguinte.

De seguido comezará a explicación dos conceptos fundamentais de cada unidade.

Unha vez clarexados os conceptos fundamentais, haberá que poñelos en relación con situacións da vida cotiá doadamente recoñecibles polos alumnos, que, polo tanto, susciten a reflexión e a discusión razoada. Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, realización de tarefas, aprendizaxe baseada en problemas, estudo de casos, traballo por retos, etc; metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación. Desta maneira, contéplase a opción da elaboración dun traballo por parte do alumnado que unha vez revisado polo profesorado será exposto. De tal maneira contribuiremos a principios metodolóxicos como por exemplo a aprendizaxe significativa ou a aprendizaxe mediante o uso das TICs. Isto último potenciarase por medio do apoio do docente en material auxiliar que en cada intre considere oportuno: videoclips, música, películas, documentais, páxinas web... sempre tendo en conta as limitacións temporais como materiais que sofre a materia. De igual maneira, tamén se porán en práctica outros principios metodolóxicos como a aprendizaxe cooperativa. O alumnado agruparase en certas ocasións en grupos reducidos coa fin de realizar proxectos onde os seus integrantes deban resolver conflitos, investigar en torno a un tema ou desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade social. Tales tarefas poderán ser sometidas a unha exposición conxunta ou a actividades de debate sempre que o docente considere oportuno. Este proceder fortalecerá obxectivos básicos no currículo como a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo de clase.

De maneira xeral fomentaranse actividades que primen e fomenten a lectura e comprensión de textos relacionados coas temáticas estudadas; a composición escrita de argumentos e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación; o uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados, a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas estudados; e o análise por medio da elaboración argumentada e por medio da acción colaborativa de esquemas, mapas conceptuais, e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de

vista do descubrimento.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de lectura
Aula virtual da materia
Bibliografía e libros de consulta
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)
Instrumental audiovisual (videoclips, películas, series, documentais, bibliografía web...)

Cada sesión terá lugar nun aula cun ordenador conectado a internet e a pizarra con proxector e sonido. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo, por iso os libros de lectura ou consulta xunto coas elaboracións propias que o profesorado pode aportar van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio.

Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

O profesorado poderá axudarse no seu labor pedagóxico de todo o material auxiliar que en cada intre considere oportuno: música, películas, documentais, páxinas web, sempre tendo en conta as limitacións tanto temporais como materiais que sofre a materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O profesor poderá marcar algunha proba coa finalidade de avaliar os coñecementos previos dos alumnos. Ditas probas poderán consistir na realización de traballos (tipo cuestionarios de resposta múltiple, pequenas redaccións, pescudas de información ou exposicións orais), en probas obxectivas orais e escritas ou calquera outra que considere oportuna.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	17	17	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de avaliar ao alumnado, valoraranse o traballo e a participación na clase, o feito de levar ao día as tarefas, así como a presentación en día e hora e a madurez no desenrolo das mesmas. Terase en conta unha actitude positiva e aberta ao aprendizaxe e á asistencia.

Os criterios de cualificación son os seguintes tendo en conta dous porcentaxes axustados a dous procedementos avaliativos:

- 20%: traballo na aula (tarefas, participación, etc.). Se as tarefas non se rematan na sesión, poderase pedir que se finalicen na casa.
- 80%: traballo grupal ou individual que pode conlevar unha exposición oral a realizar na aula.

Dado que a nota de cada avaliación debe ser exacta e non se admiten decimais, será a profesora a que decida se redondea de forma positiva ou non en función da evolución, traballo, interese, atención e esforzo de cada alumno ou alumna.

Avaliación final:

A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións parciais. Para superar a materia, o alumnado deberá obter unha media igual ou superior a cinco.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha media igual ou superior a cinco poderá entregar un traballo que versará sobre os contidos daquelas avaliacións que teña suspensas. Unha vez correxido, calcularase a media cos mesmos criterios que nas avaliacións parciais, pero cambiando os resultados dos traballos anteriores polos acadados nesta último. Manteranse os resultados obtidos nese 20% que corresponde coas tarefas diarias, participación, deberes, etc. e os daquelas avaliacións que o alumno aprobou durante o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente acadará unha avaliación positiva a medida que supere os contidos do curso actual.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna

educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

A avaliación inicial a comezo de curso permitiranos detectar que alumnos/as precisan de medidas de atención á diversidade. Estas poderán ser tidas en conta dentro da aula ordinaria ou precisarán dunha atención que poderá ser proporcionada mediante reforzos educativos ou na aula de Pedagogía Terapéutica.

Dentro da aula ordinaria poderanse propoñer actividades de diversos tipos e graos de dificultade para un mesmo contido; utilizar materiais variados con diferentes graos de complexidade; ter en conta os contidos prioritarios e os secundarios; realizar actividades de ampliación... o que permitirá que cada alumno/a realice as actividades máis axeitadas ao seu ritmo e capacidade de traballo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Trataranse os temas transversais axeitándoos ao discorrer do programa, ben con comentarios incidentais na clase ou como temas específicos dentro de cada unidade, ben dentro de actividades onde se toquen cada un deles. No ámbito da clase trataranse de maneira transversal -pero á vez tan afíns á materia de Ética- o seguinte:

1. Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
2. Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Isto é, farase unha educación para paliar a discriminación e autodiscriminación, non tanto legal, coma cultural da muller, xa atávica na nosa sociedade. É necesario un profundo traballo de concienciación entre as rapazas e rapaces, unha toma de postura e o logro de actitudes conscientes e criticamente non sexistas para chegar de unha vez por todas a unha situación social paritaria.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas realcionados cos contidos da materia.	O alumnado poderá asistir a distintos tipos de charlas, representacións teatrais, proxeccións de películas, etc. para traballar os contidos da materia.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
10. Refléctese en cada estándar os elementos transversais aos que se vincula
11. O alumnado recibe o resultado das probas de maneira rápida e eficiente
13. O alumnado ten a oportunidade de escudriñar as súas probas ou actividades con fin de mellorar carencias

27. Empregouse un variado abanico de instrumentos de avaliación para cubrir calquera baleiro competencial
28. A observación do traballo na aula ten un protagonismo real na avaliación a través de instrumentos eficientes
29. Valorouse correctamente o traballo colaborativo do grupo sen caer en avaliacións individualistas
Metodoloxía empregada
1. As explicacións xerais conseguiron chegar a todo o alumando
5. A metodoloxía empregada é indisoluble ao tema a impartir
6. O traballo en equipo e o traballo individual conviven na mesma aula
7. Existen estratexias que pretenden fomentar a actividade da lectura
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita
9. As TIC teñen unha presenza notoria nos mecanismos de ensinanza-aprendizaxe
12. Reservase un tempo para a corrección dos erros ou a solventar as dúbidas acontecidas nas probas de avaliación
19. Exercéronse actividades de aprendizaxe que axudaron a fomentar o desenvolvemento cognitivo do alumnado
20. Consegue motivar ao alumno de cara aos contidos da materia e no proceso de aprendizaxe
21. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
30. Fíxose reflexionar ao alumno e fomentouse o seu pensamento crítico
31. Todo o alumnado xestou ao longo do curso un respecto polo patrimonio histórico, entendendo a súa propiedade colectiva.
Medidas de atención á diversidade
2. Todo o alumno con dificultades dispuxo dun tratamento docente individualizado
3. A diversidade foi un factor esencial na elaboración de actividades
4. As probas de avaliación adaptáronse ao alumno NEAE
15. Respecta e adecúase adeitadamente ás ACS propostas e aprobadas
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Ten en conta a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... e avalíaaas co fin de melloralas
18. O nivel de dificultade do contido adaptouse ás esixencias do grupo
24. Adaptáronse correctamente os mecanismo de docencia para as necesidades dos alumnos NEAE
25. Estableceuse unha organización idónea e efectiva para solventar as necesidades dos alumnos NEAE
26. A diversidade da aula foi correctamente abordada

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

14. O profesor implícase profesionalmente nos períodos destinados a titorías xerais, ou mesmo as personalizadas

22. Considerouse en todo momento a participación activa das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado

23. Existiu unha constante comunicación entre o corpo docente e o núcleo familiar dos alumnos

Descrición:

Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

De igual maneira existirá unha heteroavaliación que se manifestará a final de curso co fin de que o alumnado valore as habilidades docentes do profesor, excluindo calquera xuízo moral sobre a súa personalidade. O alumnado recibirá unha plantilla de autoría anónima. Nela reflectiranse toda unha serie de cuestións sobre a aplicación do contido, a adecuación ao tempo, o método de avaliación... Todo ilo co fin de axudarlle ao docente a mellorar as súas posibles carencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados